

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ARTEIXO – EMMArteixo CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

INDICACIÓNS PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA DO NOVO ALUMNADO PARA O CURSO 2021-2022

A continuación expónse a información relativa á formalización de matrícula de todas aquelas persoas que obtiveron praza para o próximo curso 2021-2022.

Para formalizar a matrícula na EMMArteixo, é preciso entregar, **entre o venres 11 e o luns 21 de xuño**, a seguinte **documentación**:

- **Folla de matrícula** (a que corresponda), debidamente cumprimentada e asinada.
- **Orde de domiciliación bancaria (1)** indicando a conta bancaria onde se autorizan os cobros trimestrais das taxas da EMMArteixo. Este documento deberá entregarse debidamente cumprimentado e asinado pola persoa titular da conta e debe estar selado pola entidade bancaria ou, no seu defecto, vir acompañado dun certificado de titularidade da conta. **DEBE ENTREGARSE O DOCUMENTO ORIXINAL** (non sirve escaneado ou fotocopiado).
- Copia do **DNI** da persoa titular da conta bancaria que asina a orde de domiciliación.
- Copia do **DNI** da alumna ou alumno admitida/o.

Existen tres modelos de folla de matrícula. Cada alumna ou alumno deberá presentar a que corresponda segundo as súas circunstancias:

- Alumnado de **Música e Movemento** (cursos de Iniciación 1, Iniciación 2, Básica 1 e Básica 2): presentar documento específico para “*Música e Movemento*”
- Alumnado admitido en calquera **Especialidade Instrumental**:
 - o **Maiores de idade**: presentar documento “*Instrumento Adultos*”
 - o **Menores de idade**: presentar documento “*Instrumento Menores*”

A entrega da documentación, tanto para o alumnado da sede de Meicende como para o da de Arteixo, **realizarase nas oficinas da EMMArteixo**, situadas na planta baixa do Centro Cívico de Arteixo (Paseo Fluvial s/n - Arteixo).

É preciso solicitar **CITA PREVIA** para a entrega de documentación e, sempre que sexa posible, **levar os documentos cubertos** o día da cita co fin de minimizar o tempo de estancia no interior das instalacións, en cumprimento das medidas de prevención da COVID-19.

A cita pode solicitarse por teléfono ou por correo electrónico, nos horarios de atención administrativa que detallamos a continuación (son os mesmos nos que se darán as citas):

Por teléfono: 671 582 787 nos seguintes horarios:

- Luns: 09:30 a 14:00 h.
- Mércores: 09:30 a 14:00 h e de 16:00 a 18:30 h
- Venres: 09:30 a 14:00 h.

Por correo electrónico: emmaarteixo@gmail.com, indicando no Asunto: **Solicitud cita previa** e no corpo do correo, o día (de entre os indicados) e franxa horaria preferida (entre as sinaladas anteriormente), así como un teléfono de contacto.

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ARTEIXO – EMMArteixo **CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN**

Os modelos de matrícula e mais o da Orde de domiciliación bancaria, poden descargarse da web do concello. Se os precisades en papel, podedes pasar a recollelos de luns a venres, de 9:00 a 14:00 h polo Departamento de Educación da Concellaría de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación (Avda. dos Bosques, 16 Baixo, entrada por R/Ría de Noia, CP 15142 - Arteixo).

ESCOLA MUNICIPAL DEL MÚSICA DE ARTEIXO (EMMArteixo)

- (1)** **IMPORTANTE:** Os cobros cargaranse na conta bancaria autorizada a principios de cada trimestre (outubro, xaneiro e abril), con carácter anticipado. En caso de querer darse de baixa existen uns prazos a partir dos cales se cobrará igualmente o seguinte trimestre. Os prazos para darse de baixa sen ter que aboar o importe do seguinte trimestre **na súa totalidade** son os seguintes:
- a. Último día de prazo para solicitar a baixa e que non se cobre o recibo do 1º trimestre: 1 de setembro de 2021
 - b. Último día de prazo para solicitar a baixa e que non se cobre o recibo do 2º trimestre: 1 de decembro de 2021
 - c. Último día de prazo para solicitar a baixa e que non se cobre o recibo do 3º trimestre: 1 de marzo de 2022